

NOME DO OBRADOIRO DE EMPREGO: **FORMAWEB III**

Expediente: 36/00005/2019  
Especialidade: "IFCD0110 Confección e Publicación de páxinas web"  
Data de inicio: 30/09/2019  
Data de finalización: 29/03/2020  
Entidade Promotora: Concello de Vigo.

## RESUMO DAS ACTIVIDADE FORMATIVAS E DOS SERVIZOS E OBRAS

Terceira edición do **Obradoiro de Emprego FORMAWEB III**, no cal un total de 15 alumnos/as traballadores/as, incluídos no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, reciben formación profesional para o emprego dirixida á obtención do certificado de profesionalidade na especialidade de "IFCD0110 Confección e Publicación de páxinas web".

Obradoiro de Emprego cofinanciado pola Unión Europea a través do Fondo Social Europeo, mediante a iniciativa de Emprego Xuvenil, programa Operativo de Emprego Xuvenil 2014-2020. Conta cun presuposto total de 188.770,95 €, onde a Xunta de Galicia aporta 168.769,95 € (procedentes do FSE) e o Concello de Vigo 20.001,00 €

O Obradoiro de Emprego FORMAWEB III ten unha duración de 6 meses, desde setembro de 2019 ata marzo de 2020, e desenvólvese no Centro de Iniciativas de Emprego do Concello de Vigo, sito na rúa Arquitecto Pérez Bellas nº 9 baixo. Conta para o seu desenvolvemento cun equipo directivo formado por unha directora, unha titora, un experto/docente e unha administrativa.

Como **obxectivo temático** enmarcado dentro do programa operativo de emprego xuvenil 2014-2020 sinálase en particular OT 8: " Conseguir formación e un emprego de calidade". Para isto o O.E. FORMAWEB III ten como un dos obxectivos específicos que o alumnado acade as competencias profesionais na creación e publicación de páxinas web, e ademais o alumnado-traballador recibe orientación, asesoramento e información profesional na busca de emprego e autoemprego, coa finalidade de aumentar as oportunidades de emprego e favorecer a súa inserción laboral, resultado final a conseguir co obradoiro.

O alumnado-traballador ten un contrato de formación-aprendizaxe, a través do cal a formación altermase coa adquisición de experiencia laboral e a posta en práctica dos coñecementos adquiridos, desenvolvendo un servizo de interese xeral e social, neste caso o deseño dun sitio web centralizado para o proxecto Vigo Vertical do Concello de Vigo.